

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION EXTRAORDINARIA DO 12 DE MAIO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTE:

Coello Bufill, Antonio

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día doce de maio do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García (con retraso), Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Coello Bufill. Está presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

ÚNICO.(93). MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA (CRÉDITO EXTRAORDINARIO) NÚM.
39/2006, PARA PROGRAMA DE INVESTIMENTOS PARA A CIDADE.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Debo empezar dicindo que a nosa posición neste Pleno hoxe é un pouco estraña, Sra. Presidenta, porque dalgún xeito temos que actuar de relatores en razón da propia derivación do funcionamento da Corporación. Ademais sinceramente nós non queriamos, nós entendiamos que a iniciativa, Sra. Presidenta, era do Grupo de Goberno que debía poñer enriba da mesa un proceso de negociación fronte ós outros grupos municipais, moito máis cando era evidente que este ano non ía haber orzamento municipal e dende o noso punto de vista sen arestas, coidamos que vostedes renunciaron a esa oportunidade, non souberon dirixir o acordo da Corporación e coido, Sra. Presidenta, que é un fallo derivado en primeiro lugar da conxuntural incapacidade para entender por parte do Grupo de Goberno a súa situación nesta Corporación; quizais derivado da sinxela tentación, coma xa dixen no Pleno pasado, de non formular un programa de investimentos, senón formular unha auténtica lanza contra a oposición municipal. En todo caso, fose por renuncia do Goberno, fose por acción sistemática xa de carácter ofensiva, sexa en todo caso tamén por incapacidade, a realidade é que estamos hoxe aquí derivado da aprobación dunha moción urxente presentada por min mesmo no Pleno pasado en relación con ese programa de investimentos.

Quero empezar dicindo que, salvando esa primeira circunstancia que dende o nos punto de vista segue sendo estraña, por outra parte o Grupo nacionalista contemplaba esta posibilidade, non exactamente así pero a contemplamos cando nos diriximos a todos os voceiros o 16 de xaneiro pasado, sendo conscientes da nosa responsabilidade, expresando a nosa preocupación polo propio funcionamento do Goberno e porque ese funcionamento e o conxunto da Corporación puidera levar a unha parálise á cidade de Vigo.

Propoñiamos naquel escrito que lles diriximos unha vía de transacción, de acordo, apoiándonos nunha prórroga orzamentaria e pactando posteriormente entre os voceiros e por suposto no Pleno, que ó final é o máximo órgano de decisión do pobo de Vigo, os distintos investimentos que xulgamos necesarios, imprescindibles, inaprazables para os próximos meses e polo tanto que dalgunha maneira estamos onde dalgún xeito os invitamos o pasado 16 de xaneiro a estar.

Lamentablemente tamén estamos no mes de maio, é dicir, a cidade de Vigo e a Corporación municipal perderon 5 meses, quizais se daquela se tivera un xuízo máis favorable ó posicionamento que expresamos naquela carta que lles diriximos este debate sería no mes de xaneiro, todo o máis no mes de febreiro e a situación sería outra. Así son as cousas, a iniciativa non podía ser nosa de ningún xeito, máis alá dos pasos que xa dimos derivados da nosa propia concepción como grupo nacionalista pero sobre todo como grupo de concelleiros e concelleiras de Vigo preocupados polo que pasa na nosa cidade.

Dito isto como antecedentes teño que dicir que en relación coa proposta presentada como moción urxente no pasado Pleno e, como vostedes xa coñecen, presentamos na propia Comisión Informativa de acordo cos técnicos municipais unha proposta complementaria en razón de que datos que tiñamos derivados do estudo do anteproxecto de orzamentos que nos enviara o Concelleiro de Facenda precisamente o día 16 de xaneiro, se non me falla a min a memoria, estaban transcritos naquel anteproxecto de orzamentos. Posteriormente o interventor naquela Xunta de Voceiros infórmanos que determinados gastos estaban xa subscritos con cargo ó que son ingresos propios e polo tanto iso nos permitiu facer unha proposta complementaria a aquela debatida no Pleno pasado e da que paso a subscribir as liñas básicas sendo preciso pero tamén sen insistir máis do debido en cousas que xa coñecen.

En primeiro lugar, nós entendemos que esta modificación debe ser un proxecto para o conxunto da cidade, un proxecto que teña en conta a entidade territorial e as diferencias territoriais da cidade de Vigo e que atenda a esas necesidades priorizando en todo o seu territorio as actuacións susceptibles de seren realizadas, é dicir, daquelas que realmente se poden realizar, ben porque hai acordos adoptados, ben porque hai proxectos ou memorias redactadas e que polo tanto poden permitir a súa execución reparando, atendendo ás necesidades e ós servizos básicos que debemos prestar como Corporación. Pero salienta que nós sempre contemplamos ese programa de investimentos coma un programa do conxunto da cidade de Vigo, non dunha ou doutra parte.

En segundo lugar, unha proposta que pretenda ser tal debe en primeira instancia atender ós compromisos efectivamente xa postos en marcha por esta Corporación ou por anteriores, pero que en todo caso deben ser atendidos. Así hai que atender, coma xa dicíamos no Pleno pasado, os acordos a respecto do regreso do edificio do Rectorado ó servizo municipal, ás

anualidades do pazo de congresos e a un conxunto de actuacións, entroutras por exemplo pagarlle á Zona Franca 1.700.000 euros derivados daquel famoso convenio, pero que en todo caso é necesario atender e o momento dese debate pasou, foi nalgún momento desta Corporación ou de calquera das anteriores e esta Corporación debe ser quen de atender a esas responsabilidades xunto coas que vostedes xa coñecen porque xa estaban no primeiro documento. Modificáronse algunhas cifras derivadas de que o que lle debemos á Zona Franca é máis de millón e medio, supera un millón setecentos, e a liquidación de proxectos do ano anterior non son 450.000 euros senón 650.000 euros, permítanme redondear cantidades; xunto con algunha sentenza en relación con algún terreo que había que engadir por propio informe do señor interventor.

Apuntamos tamén ó conxunto de actuacións que teñen referencias e necesidades absolutamente imperiosas, que evidentemente non podemos evitar e que teñen un alcance realmente cidadán. Efectivamente é necesario facer a ponte do Pontillón, o noso grupo é moi consciente desa obra que se ven adiando xa demasiado tempo, que agora se vai facer imprescindible co remate da urbanización próxima, pero ademais nós sabemos que efectivamente esa ponte debe ser substituída canto antes, eu case a cualificaría coma unha obra de emerxencia pola súa necesidade.

Ó mesmo tempo tamén é necesario atender á reconstrucción do chalé Agarimo produto dun convenio aprobado na Corporación pasada e do que as pedras aínda seguen ciscadas pola parroquia de Beade dando un pésimo exemplo do noso cumprimento de compromisos e unha pésima imaxe da xestión municipal para reproducir no seu momento en Beade aquilo que xa se fixo en Saiáns e que xa hoxe está dando un magnífico resultado de atención social a aquela parroquia; pois neste caso en Beade. Non podemos permitir esa situación de desleixo, de abandono.

En terceiro lugar un conxunto de actuacións que son as que, revisadas por parte do noso Grupo cos técnicos municipais, son hoxe executables cos criterios que lles expresaba con anterioridade. Dentro destas engadimos unha actuación específica de mellora do paseo do Lagares absolutamente necesaria, asunto do que xa se suscitou debate neste Pleno por iniciativa de distintos grupos, que foi complementado durante o mandato pasado e que neste momento, sobre todo no seu tramo final a raíz fundamentalmente das obras rematadas do segundo cinto, está francamente afectado e é necesaria esa dotación.

En cuarto lugar e como viron, complementamos o conxunto de partidas necesarias para redactar proxectos eu diría que de inmediato futuro se esta Corporación, ou a seguinte se así é, decide acometelos. Aí nós expresabamos a necesidade de redactar o proxecto de Aragón-Urzáiz que é un tramo do Plan do Calvario do que quedou sen redactar o proxecto e que é absolutamente necesario para que o Plan do Calvario sexa completa e absolutamente funcional.

Por outra parte, por suposto a redacción do proxecto da estrutura anexa ó Dr. Fleming, tema que tamén se discutiu nesta Corporación, así como o levantamento, a adaptación do proxecto de reconstrucción do Colexio Alemán na zona da Bouza en Coia, desexo de todo o barrio de Coia e absolutamente necesario cumprir con el, entroutras cousas porque agora si podemos estando en marcha o novo Plan Xeral e resolto, aparentemente alomenos Sra. Presidenta, o contencioso daquelas famosas cinco parcelas que existían pero non existían.

Tamén apuntamos coma necesaria unha partida que coidamos vai ser moi útil; partida que apuntamos como aproximada porque non a quixemos tampouco rematar que é a partida para redactar o proxecto de remodelación do Estadio de Balaidos. Esa partida ten un significado fundamentalmente político na medida en que neste momento esta Corporación doutouse xa por iniciativa do Partido Socialista, do meu propio Grupo e do Grupo do Sr. Soto dunha comisión informativa presidida polo Sr. Calviño que en todo caso debe dalgún xeito, por suposto en colaboración co Goberno municipal e coa concelleira de Deportes, iniciar o procedemento para redactar cando menos o anteprojecto ou as bases dese anteprojecto canto antes para que desa maneira esta Corporación teña feitos os deberes que permitan xestionar ante as outras administracións, porque sen proxecto non se pode xestionar practicamente ren, as axudas correspondentes e necesarias para redactar ese proxecto de novo estadio que tanto necesita a nosa cidade.

É polo tanto e de xeito resumido o que presenta o noso Grupo actuando en calidade de relator para pretender, sen arestas, que esta proposta sexa un compromiso de acordo entre todas as forzas políticas sendo conscientes da súa incompletitude. Somos perfectamente conscientes de que as necesidades son moitas pero os recursos limitados; somos conscientes de que estamos usando un recurso que debemos usar con cautela como eu pretendía xustificar no Pleno pasado, argumentación na que non incidirei máis, non o coido preciso cando menos en primeira intervención, fixándose unha cifra máxima que, como xa lles explicaba a todos vostedes no anterior Pleno, debera

estar sobre os 18 millóns de euros e xamais máis enriba, en parte precisamente non só por preservar a calidade da facenda local acadada logo de moitos anos de traballo, senón tamén con prudencia en tanto en canto poden vir acontecementos que nos obriguen a crear novas partidas ou suplementar partidas actuais en razón de acontecementos que agora seguramente non podemos prever pero que algún deles o comentaba precisamente co Sr. interventor antes de entrar no Pleno.

Polo tanto é unha proposta, aínda que isto o deixe para o final da miña intervención, obviamente cautelosa, equilibrada e de cidade. É unha proposta que poñemos ó dispor do Pleno da Corporación sendo conscientes de que é necesario que este acade acordos que eviten que a parálise se traslade á cidade de Vigo.

SR. SOTO FERREIRO: O Partido Galeguista fixo un esforzo en dobre dirección que empezou cunha mirada dos nosos asesores que nos dixeron que no Partido Galeguista estabamos errados coa fórmula do Pleno anterior, que nós e todos os demais estabamos errados formalmente consonte ó Estado de Dereito e que polo tanto ese tipo de proposta non se podía facer así.

Iso fíxonos pousar a mirada con máis vagar sobre as posibles fórmulas a aplicar porque dixemos, dicimos e espero que digamos sempre, que a peor das decisións é non facer nada, polo tanto nunca estaremos a prol de decisións que impidan que os demais fagan cando non poidamos facer nós as nosas ideas, que nos poden parecer mellores cas dos outros, cada quen de nós lexitimamente cre que ten as mellores ideas pero iso non ten por qué de ningún xeito levar non só ó desprezo das ideas dos demais, senón que é mellor que se fagan as ideas dos demais, agás que sexa unha excepción moi bárbara nalgún sentido, a que non se faga nada. Cando estamos falando de obras as barbaridades son sempre en todo caso limitadas, ou o poden ser, e cando estase a falar de necesidades máis ca máis.

Polo tanto a mirada que sobre a legalidade nos fixeron poñer os nosos asesores levounos a un convencemento claro: hai un artigo, o 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o 34 e 38 do RD 500 do ano 2004, decreto realmente recente, que din paladinamente (está escrito nun castelán que entende calquera) que non se poden abordar gastos que se poidan demorar ata o exercizo seguinte nun estado de orzamento prorrogado. En todo caso nun estado de atender a unha modificación orzamentaria coma a que se pretende que estimamos tamén que de se dar aquí e agora, no día de

hoxe produciría desestabilización orzamentaria, segundo precisamente a Lei de estabilidade orzamentaria.

Iso fíxonos matinar en que o máis fácil é sempre buscar calquera argumento lexítimo coma este para dicir que non por non seren legal. Xa dixen ó principio e como introducción que nós xamais estaremos nese tipo de políticas, estamos sempre, ou pretendemos estar en políticas constructivas que queiran axudar ó ben común das e dos vigueses. Iso fíxonos facer a reflexión serea sobre o que estabamos a propoñer todos nesta Corporación.

Eu acabo de escoitar a intervención do Sr. Toba e por poñer os exemplos que el mesmo puxo, cómo non vai subscribir o Partido Galeguista que se faga unha partida para a remodelación do Estadio de Balaidos se fomos os que puxemos a moción aquí no seu día para que iso se fixera? Cómo non imos defender a reinstalación do Colexio Alemán en Coia se no seu día, na Corporación pasada e nesta, pedimos un local digno para a reunión do movemento cidadán en Coia? Foi Xulio Alonso, o meu compañeiro quen nesta Corporación puxo unha moción sobre a remodelación do Lagares; ou vostedes sobre o tema do Pontillón. Pero me dá igual, sexa quen sexa, é un tema súper necesario. No da reconstrucción do chalé Agarimo fomos nós mesmos os que fixemos unha petición de que se incluíra nos orzamentos. A min paréceme que na proposta do Bloque hai partidas que compartimos ó 100%, hai outras que menos e outras regular coma pasa en todo cada vez que se opina, pero hai cousas que son compartibles.

Escuso dicirlles porque xa o dixemos no Pleno anterior, que nós compartiamos o que pedía o movemento veciñal, dixemos todos os grupos que coma mínimo tiña que haber un compromiso de futuro porque obxectivamente tiñan razón de pedir o que pedían e nós seguimos nesas.

Tamén nos parece ben e non só non cambiamos de opinión, senón que nos parecen prioritarias as obras que sexan quen de rematar (permítanme a expresión gráfica por entendérmonos rapidamente) o saneamento en terra de Vigo alomenos e que quede a nova grande depuradora para rematar ademais co saneamento da ría de Vigo. Para nós iso sempre será unha política de grande prioridade. Pero o exercizo era: sería posible que todas esas cousas que son boas as fixésemos todas? É posible legalmente naturalmente establecendo un plan plurianual derivado dun orzamento en marcha que habería que poñer.

Polo tanto propoñemos unha emenda que todos teñen xa na que se aprecian e respectan as melloras propostas que fixemos todos e pido que nos sumemos todos porque en definitiva sumar as obras que propón a Federación veciñal, máis as que propuxo inicialmente o Partido Socialista ás que nós nos

sumamos alborozados e as propostas feitas polo Bloque. Inicialmente o Partido Popular no tema do plan de veciños púxolle matizacións de débedas pendentes que logo puntualizamos tamén os demais. Por certo, déixenme un recordatorio: a miña proposta non trae cousas pero no ano 2008 do pazo de congresos aínda o Concello terá que pagar 3.835.134 euros e do convenio con Zona Franca 1.035.000 euros, dígoo porque tamén son cousas que hai que prever.

En definitiva é perfectamente posible, estou absolutamente convencido, se logo me desmenten algúns números que se poidan poñer fágano e quedo tan tranquilo, pero estou absolutamente convencido de que cun plan de 2 anos somos quen de abordar todo isto e polo tanto, por qué non o facer?

Déixenme corrixir dúas cousas na emenda que lles presenteí, unha é unha palabra, no segundo parágrafo di "inaprazables" e en galego é "inaplazabéis", logo no punto 6 se deduce de todos os anteriores porque antes todos fixemos propostas dicindo que se a Comisión de Xestión municipal decidise antes de decidir a Xunta de Goberno Local... Legalmente esa comisión non pode decidir e así o dicimos en varios artigos, no punto 6 deslízousenos aínda a reacción anterior e debe dicir naturalmente que calquera modificación de crédito relativa a investimentos deberá contar co dictame favorable da Comisión de Xestión Municipal pero logo quen aproba é única e exclusivamente a Xunta de Goberno Local para respectar as súas competencias; sería posible mesmo legalmente que o fixera a Comisión de Xestión Municipal pero entón habería que facer un decreto, unha delegación, tería que vir ó Pleno, a exposición pública e alongar o proceso en demasía. A min paréceme que non é ese o caso, dígolles que hai esa posibilidade por se os demais o estiman oportuno, pero a min con que vaian alí todos os proxectos, os iniciais e os que se poidan modificar, para que todos poidamos cos mellores saberes e entenderes axudar a que non se cometan fallos, se é posible, para nós sería suficiente.

Esta é unha proposición absolutamente conciliadora onde as haxa, conciliadora na medida en que non hai absolutamente arestas, nin miradas cara atrás. Fágoo así na mellor das esperas e da contribución dialéctica tamén para que sexamos quen de facer algo por Vigo, de sendo quen de cumprir as ideas que todos temos, que realmente prioricemos os intereses de Vigo por riba dos intereses de partido.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Empezando polo que acaba de expoñer o Sr. Soto, coido que xa temos mostras abondo da decisión firme do Goberno de non

presentar un orzamento para este ano, coido que sería voltar a “marear a perdiz” arredor de algo sobre o que o PP xa ten as cousas claras e parece que o que estamos a debater hoxe é unha proposta do BNG de modificación orzamentaria concreta en función dunha moción presentada no anterior Pleno extraordinario que contou co apoio do Partido Popular e voume referir fundamentalmente a iso porque me dá a impresión de que non está a historia para outras lérias.

Respecto á proposta que temos enriba da mesa teño que dicir que o Grupo municipal socialista se dá por satisfeito por unha cousa que fixo no anterior Pleno que é demostrar que unha boa parte do que xustificou a proposta inicial de Goberno da modificación orzamentaria eu referíame a un 90%, a propia Federación veciñal rebaixouna a un 80% pero polo menos estamos satisfeitos de que o debate que tivemos servira para poñer as cousas no seu sitio alomenos nun punto.

Este Goberno municipal ten un orzamento prorrogado por mor da súa decisión e nese orzamento están as partidas para atender alomenos ó 80% das demandas veciñais contempladas no plan de acción veciñal.

No anterior Pleno tratamos de demostrar que en efecto a maior parte das peticións contempladas nese plan de acción veciñal eran fundamentalmente de xestión ordinaria e referínme moi en concreto ós seis grandes apartados dese plan de acción veciñal onde o fundamental era iso, xestión ordinaria que ten que ser atendida polo orzamento ordinario, se non se atende é un problema de xestión do Goberno municipal. Con iso xa nos damos un pouco por satisfeitos porque alomenos o 80% do plan de acción veciñal ten orzamento, teñen obriga de cumprir ese plan de acción veciñal porque aí está ese orzamento para o cumprir.

Quedaría outra parte, a parte máis de investimento que entendemos todos que abrangaría fundamentalmente a dous puntos, dous dos grandes campos dos seis nos que o plan de acción veciñal descompoñía o seu traballo que eran saneamento e abastecemento e vías e obras onde hai unha boa parte de investimento así coma outras infraestruturas, casos puntuais que por desgracia non temos só unha ducia, senón que temos bastantes máis e o problema é que temos que priorizar.

A nosa priorización na proposta que presentamos no anterior Pleno partía de que o propio plan de acción veciñal salientaba como problema crucial o do saneamento e abastecemento en moitos barrios e parroquias, practicamente en todos hai algún tipo de problema respecto a iso. Facíámolo porque somos moi conscientes de que durante moito tempo, agás a excepción do último Pleno,

todos poñiamos o acento na importancia do saneamento e o abastecemento; para a Alcaldesa da cidade a depuración é o primeiro problema da cidade, para todos sempre foi o primeiro problema e cómo non o vai ser cando precisamente temos unha situación na que a propia Unión Europea nos pon unha multa porque a ría de Vigo non está saneada? Ten que ser esa a principal preocupación como primeiro problema que temos na cidade para abordar por parte desta Corporación e deste Goberno.

Qué lectura damos se cando hai coincidencia entre o Partido Popular e o BNG no último Pleno o estaren completamente de acordo en que non se poden aterrar obras nesta cidade porque así non hai electorado que se entere? Iso foi o que escoitamos no último Pleno. Qué mensaxe estamos dando? É ou non o primeiro problema da cidade o da depuración? Qué menxase estamos dando se estamos dicindo que non queremos facer unha obra porque está aterrada e non se ve e a un ano temos unhas eleccións?

No Pleno no que abordamos a proposta deste Grupo municipal, do meu compañeiro Sr. Caballero, o abandono dos barrios e parroquias, o voceiro do Partido Popular, Sr. Figueroa, leunos, ademais con moita insistencia logo de salientar o importantísimo que é o saneamento nos barrios e parroquias, leunos moi detalladamente parte dun documento que tiña data de decembro do ano pasado, no que se falaba das obras de depuración e abastecemento que estaba realizando este Goberno. Fíxoo con moito detemento, con nome e apelidos, actuacións en colectores veciñais, evacuacións pluviais no Vao, nova rede de abastecemento en San Paio de Navia e Fontáns, saneamento... dando cifras, sumando e demais. Isto en efecto é unha serie de follas, un documento do Concello pero do que non nos falou o Sr. Figueroa naquel Pleno é de que a última folla deste documento fai referencia a outros investimentos previstos que non teñen financiamento, que hai que abordar porque son importantes e que suman na súa totalidade sen IVE 25 millóns e medio, con IVE practicamente 28 millóns e medio.

Isto era o 1 de decembro, pero en base ó plan de acción veciñal presentado pola Federación os técnicos tamén abordaron as peticións dese plan de acción veciñal e noutro documento posterior veñen incluídas, en función desas necesidades presentadas polos veciños no plan de acción veciñal, novas cousas que non están contempladas nestes 25 millóns e medio sen IVE. É absolutamente crucial que abordemos este tema e frivolizalo paréceme realmente inconcebible. Por iso nós priorizábamolo, pero non só nós senón que todas as forzas políticas, o que pasa é que se fala en función da circunstancia moi concreta conxuntural e paréceme un tremendo erro, a

mensaxe que estamos a dar de que a depuración da ría, a depuración da cidade, que o abastecemento son absolutamente o primeiro problema da cidade é gravísimo e máis me estraña no BNG, por exemplo, cando nun suplemento recente destes días logo do Pleno onde se fai referencia ás obras do Concello de Pontevedra gobernado por un alcalde nacionalista, salientase que a grande obra que están a facer é a que non se ve, o saneamento da cidade. Saliéntase que é a máis importante.

Coido que a frivolización que se fixo respecto a este tema paréceme gravísima sobre todo pola mensaxe que damos á cidadanía e non falo do que temos que facer coa depuradora de Coruxo que non está incluída aquí en ningún orzamento, nas cantidades das que falei non está incluído iso. É ou non o primeiro problema da cidade?

Precisamente por iso puxemos o acento e non quixemos entrar na trampa de poñer nome e apelidos a qué obras habería que facer porque tamén en saneamento e abastecemento son moitas e moi importantes e non chegan os cartos para as abordar. Precisamente por iso poñiamos o acento en non entrar no clientelismo, é dicir naquel barrio si e no outro non, senón que en función das prioridades e destes estudos que hoxe son memorias valoradas, no mellor dos casos algúns un pouquiño máis de proxectos, que entráramos no erro de particularizar.

Por iso seguimos insistindo, por iso non podemos apoiar calquera outra proposta aínda que fose moitísimo mellor que a presentada hoxe polo BNG co apoio do Partido Popular, pareceríanos unha irresponsabilidade se non poñemos o acento no que é crucial: no saneamento e no abastecemento.

Por iso non quero entrar a valorar, a Federación dixo que a proposta inicial do BNG era a peor posible, agora hai unha cousa máis que se pode facer un pouquiño máis vendible polos barrios e parroquias, pero a realidade é que o crucial non se atende e de facer algo que sexa verdadeiramente importante e inaprazable, como vostede dixo na súa intervención, ten que ser abordar isto seriamente e abordar o tema da depuradora de Coruxo sen andármonos con outras historias. Precisamente por iso non podemos apoiar a proposta que hoxe está enriba da mesa que é a que van apoiar, a cousa está clara.

Á Federación de Asociacións de Veciños, a todos os cidadáns de Vigo dicímoslles que estaremos sempre a apoiar o mellor para a cidade e que entendemos que este plan de acción veciñal é unha proposta coa que temos que contar todos; dixémolo permanentemente por activa e por pasiva. É obvio que temos que atender esas demandas, que calquera goberno, calquera grupo

ten que ter como prioridades para a súa actuación nos barrios e parroquias o que está contemplado no plan de acción veciñal. Ese é o noso compromiso político, ímolo apoiar pero a prioridade máxima hoxe, coido que non hai a menor dúbida de cal é. Precisamente por iso non podemos aprobar isto hoxe que ademais lamentamos teña ese sabor en certo modo clientelista que dende logo é bastante alleo a unha tradición de esquerdas e progresista.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que este asunto xa está moi debatido non só nos Plenos ou nas comisións, mesmo nos medios de comunicación pero hai que facer algunhas puntualizacións.

Primeiro, este Goberno leva dous anos e medio ó fronte da responsabilidade desta cidade. No ano 2004 non tivo orzamento, o Goberno presentou un orzamento e no Pleno da Corporación votouse en contra por parte dos grupos da oposición. Polo tanto e para nos situar: 2004, primeiro ano de Goberno, sen orzamento, investimentos en Capítulos VI e VII ningún. Para llo dicir ós cidadáns para que o entendan porque estes temas son complicados e o mellor é falar na mesma linguaxe ca eles. Cando non hai orzamento só se poden prorrogar os capítulos de gasto corrente e de persoal e o Capítulo IV de subvencións e transferencias. Só se pode atender ós capítulos de persoal e ós gastos correntes de contratos que ten o Concello sen ningún tipo de suplemento. Os Capítulos VI, de investimentos propios, e VII, de investimentos noutras administracións ou entidades privadas, non se poden levar a cabo. Por tanto os Capítulos VI e VII do ano 2004 non existiron neste Concello.

No ano 2005 presentouse un orzamento e coa abstención dun dos grupos, neste caso do Partido Socialista, aprobouse. Ese ano había aproximadamente uns 21 ou 22 millóns de euros no Capítulo VI e VII pero cunha matización, deses 21 ou 22 millóns había de débedas anteriores entre 10 e 11 millóns de euros, é dicir, ese ano este Goberno pagou os pufos dos Gobernos anteriores que ascendían a uns 11 millóns de euros. Polo tanto o Goberno só tivo para os seus investimentos uns 9 millóns de euros, redondeando 10 millóns.

Digo todo isto porque no último Pleno fíxose unha afirmación que ninguén me rectificou. Este Goberno investiu, ou acadou doutras administracións, ou ten en contratos ou en convenios asinados, ratificados e acordados por todas as partes un investimento na cidade de 175 millóns de euros, a capacidade de xestión deste Goberno non a pode poñer en dúbida ninguén. Se só con 10 millóns de euros de financiamento propio é quen de acadar en investimentos ou en compromisos por parte doutras administracións 175

millóns de euros, fixo unha xestión de acadar investimentos nesta cidade de preto de 165 millóns de euros, estamos falando de máis, se non erro, de 32.000 millóns das antigas pesetas. Polo tanto a min me gustaría que algún grupo puxera enriba da mesa se en dous anos e medio cun único orzamento e só 10 millóns de financiamento propio é quen de acadar 175 millóns de investimentos nesta cidade. Iso é importantísimo porque se pode poñer en dúbida a capacidade de xestión deste Goberno.

Unha segunda cuestión importante é que dentro destes 175 millóns de euros houbo investimentos de todo tipo: en saneamento, en melloras de beirarrúas, de camiños, en humanizacións no centro e nalgunhas zonas da bisbarra, etc., pero tamén é certo que este Goberno considerou que para o orzamento do ano 2006 había que facer unha incidencia importante nos barrios e parroquias da nosa cidade porque xa lles chegara a hora. É a primeira vez, alomenos dende que eu lembro e son bastantes anos, que se trae por parte dun Goberno un proxecto específico para os barrios e parroquias da nosa cidade; xamais se tivo en conta esta petición. Ademais é unha petición referendada por este Pleno porque todas as propostas que se traen dentro deste documento directa ou indirectamente están aprobadas ou por mocións, ou por propostas, ou por suxestións duns ou doutros colectivos; non é unha invención do Goberno, é unha necesidade dos barrios e parroquias da nosa cidade.

Tamén me gustaría matizar un par de cuestións máis. No ano 2004 non houbo orzamento porque se elevou a este Pleno desta Corporación e se votou en contra. No ano 2005, logo de moitas negociacións houbo un grupo político que se abstuvo e gracias a iso aprobouse o orzamento. No ano 2006 o concelleiro de Facenda presentoulles un borrador de orzamento a todos os grupos políticos, houbo algún que dixo rotundamente que non negociaba ningún orzamento co Partido Popular, foron de fronte; outros quedaron na ambigüidade e non dixeron que si nin que non, dixeron que esperarían; houbo outros que en principio se sentaron a negociar e dixeron que non ían aprobar o orzamento.

Hai temas e datos concretos, non é falar por falar, é con escritos. O concelleiro de Facenda remitiu a un partido unha carta onde se dicía no apartado a): "...en canto ós gastos correntes, mantemento das mesmas partidas de gasto que no orzamento do ano 2005 coas lóxicas adaptacións imprescindibles para a súa adaptación, para os que expuxestes a vosa abstención...", e no apartado b) dicía: "...discusión aberta de todo o Capítulo VI, investimentos e Capítulo VII, transferencias ata un total

aproximado de 33 millóns de euros sen ningunha condición previa e con ánimo de chegar a un acordo...".

O Goberno presentoullo sen ningunha condición previa, partindo de cero para poderen negociar. Polo tanto, qué nos veñen a dicir aquí sobre que nós non presentamos, que non tivemos iniciativa, nin propostas? Non quixeron porque non, porque politicamente non interesaba que o Partido Popular tivese un orzamento do ano 2006 para esta cidade, única e exclusivamente, aquí está escrito, non nos estamos inventando absolutamente ren, sen ningunha condición previa, partindo de cero falariamos do que quixeran.

Cómo poden dicir vostedes no Pleno desta Corporación que este Goberno non quixo dialogar, nin consensuar os proxectos? Pasa que lle dan a volta, queren amolar ó Goberno e din que non ten iniciativas, nin propostas, nin proxecto para esta cidade. É mentira, este Goberno ten iniciativas, propostas para esta cidade e vostedes non queren que este Goberno teña cartos para facer investimentos na cidade, non para o Goberno, para a cidade que á única á que están prexudicando.

É máis, esgotamos a vía do orzamento. Aquí se critica que este Goberno non tivese un orzamento; había algún Grupo que o único que pretendía era que se elevase ó Pleno da Corporación a proposta do Goberno para votar que non e dicir ante a opinión pública que o Goberno non ten apoios e que non é quen de sacar adiante os orzamentos. Tan inxenuos xa non somos, o primeiro ano dixéronnos que non, o segundo sacámolo cunha abstención e o terceiro evidentemente non iamos traer ó Pleno da Corporación unha posta en escena dos Grupos da oposición contra o Goberno, ata aí chegamos, algunhas luces aínda temos.

Pero como esgotamos a vía ordinaria de presentación de orzamento, quedábanos unha segunda que era unha proposta de remanentes e ademais tamén é certo, coa habilidade política de saber que había un grupo que anunciara que non estaba disposto a aprobar os orzamentos pero que si o estaba para aprobar modificacións de crédito puntuais. Nós facemos unha proposta de modificación de crédito e presentámoslla a todos os grupos políticos e nos din que non é boa; a Federación de Veciños tampouco acepta e entón dicimos que se a oposición non quere e os veciños tampouco están de acordo coa proposta que sexan estes os que presenten a súa proposta. Os veciños reúnen, piden información de todas as parroquias e preséntannos a súa proposta, proposta que con matizacións e con algunhas inclusións das nosas ideas se recolle na súa totalidade e a maiores incluimos iniciativas do

propio Goberno coma son un plan de campos de fútbol que na historia desta cidade xamais se fixo; inclúese e a Federación acepta.

A partir daí presentamos a proposta paralelamente ós Grupos políticos e o enfado dos grupos é que se enteraron ó mesmo tempo que o movemento veciñal. Deixémonos de cousas pequenas porque esas son anécdotas, o que pasa é que vostedes teñen que buscar un argumento para dicir que non a costa de calquera situación con tal de amolar ó Goberno. A proposta está aí e ademais consensuada polo movemento veciñal e supoño que este terá suficiente personalidade e capacidade como para saber o que se está investindo ben ou non na nosa cidade, senón priorizarían outras cuestións. Evidentemente que se falamos de investimentos nesta cidade cada un de nós faríamos unha lista totalmente distinta porque priorizaríamos. Evidentemente que hai moitas necesidades nesta cidade pero o importante é que esta proposta se consensuou co movemento veciñal.

A oposición di que non e algún grupo di que é bo facer unha proposta de toda a oposición contra o Goberno para demostrar que nesta cidade non hai goberno, nin capacidade de xestión, nin de diálogo, nin de consenso, etc. O problema é que algúns fan o ridículo máis espantoso porque non son quen nin de se poñer de acordo na oposición para amolar ó Goberno. Miren que é difícil gobernar esta cidade, miren que ten que ser difícil para un goberno de dez poñerse de acordo coa oposición, cos veciños e cos demais.

Se vostedes non son quen de se poñer de acordo nunha proposta contra o goberno en beneficio da cidade, maxinen o que ten que ser para un goberno de dez concelleiros poñerse de acordo primeiro coa oposición, logo cun dos grupos e logo co movemento veciñal. Pois o Goberno acada un consenso porque é receptivo e iso non significa ser submisivo; é aceptar as regras do xogo que temos enriba da mesa e saber que de vinteseite só temos dez concelleiros. Iso é que fixo este Goberno: asumiu unha proposta que lle fixo o movemento veciñal que nós coidamos que é unha importante representación desta cidade e iso dise sempre, non o dicimos só nós, dino todos os grupos políticos.

Seguimos insistindo en que a nosa proposta é a máis ambiciosa, a máis consagrada, a que recolle mellor as necesidades e as demandas desta cidade, pero se xa se votou neste Pleno e non obtivo o praxe da Corporación, entón evidentemente polo ben desta cidade, polo ben da maioría das parroquias e barrios onde hai investimentos que son case todas, pensamos que é mellor recoller unha proposta, aínda que nós coidamos que é de mínimos, que non ter investimentos para a cidade no próximo ano 2006.

O outro día dicialles ós medios de comunicación que este Goberno cada día ten un obstáculo e somos conscientes que para o ano 2007 non vai haber orzamento novamente, non fai falla ser moi listo, nin moi agudo para o saber; en xuño xa anunciamos que o Goberno sabe que non vai ter orzamento para o ano 2007 aínda que o vai presentar. Seguramente cando o presente e recolla as iniciativas que agora está propoñendo aquí algún grupo, que ó mellor o fará, alguén dirá que non é un orzamento axeitado porque o Capítulo I non sei qué, ou o Capítulo II non sei canto. Algún motivo haberá para dicir que non aínda que recollamos todas as mocións que vostedes presentaron, aínda que lles recollamos todas as súas propostas.

Este Goberno xa é consciente que cada día vai ter un obstáculo e cada vez máis alto, pasa que nós adestramos a cotío e estamos preparándonos fisicamente para cada día saltar eses obstáculos; é o que nos queda e iso é o que imos tentar facer.

Polo tanto nós seguimos insistindo en que a nosa proposta é a máis ambiciosa, a que recolle mellor as necesidades que presenta a cidade, pero evidentemente tamén somos conscientes de que non temos votos. Imos seguir insistindo nesa proposta, xa o anunciamos, non vai quedar no esquecemento. En cada momento, en cada oportunidade que teñamos, en cada posibilidade de acadar cartos para a cidade esa proposta estará enriba da mesa, será o documento polo que nos guiaremos ata o remate do mandato, xa o anunciamos para que a ninguén lle colla de sorpresa, non o imos tirar á papeleira.

Estamos convencidos de que esta proposta antes ou logo se vai levar a cabo na súa totalidade e por iso nós lles queremos trasladar unha mensaxe a todos os veciños, á Federación, a cada unha das asociacións que ten recollida algunha proposta nese documento. Dígoo publicamente, porque a Alcaldesa deume autorización para o facer, que se vai comprometer persoalmente a levar a cabo ese documento ata o seu remate porque coidamos que é un bo documento e iso demostra que nós temos plena confianza nese traballo coa Federación de veciños.

Evidentemente somos conscientes de que de poñer esa proposta a votación agora mesmo sería rexeitada. Por suposto que nós preferimos ter un documento de mínimos pero alomenos que vaia resolvendo algún dos problemas que presenta a nosa cidade.

Aquí falouse moito de saneamento, depuración e de moitas outras cuestións referidas a todo o que é o saneamento da ría, pois eu coido que tamén é bo clarificar neste Pleno algúns posicionamentos con respecto á depuradora porque os temas os hai que falar aquí.

Co goberno anterior da Xunta de Galicia encargouse un estudo, unha asistencia técnica para a depuración da cidade de Vigo e deu uns resultados que están aí dado por uns técnicos, non os inventamos nin os políticos de Vigo, nin supoño que tampouco os de Santiago. Fíxose un estudo que deu uns resultados e sacáronse unhas conclusións. Ese estudo téñeno na Consellería de Medio Ambiente, en Augas de Galicia e no propio Concello.

Cambia o Goberno e hai varias conversas entre a Alcaldesa e o Conselleiro de Medio Ambiente quen é receptivo, tamén o hai que dicir publicamente, é unha persoa cordial no trato, e faise unha proposta para a depuración da cidade de Vigo sabendo que a nosa depuradora ten uns gravísimos problemas. O próximo martes están convocados todos os voceiros dos grupos para lles explicar as conclusións dos estudos feitos na actual depuradora de Vigo, estudos que se demoraron non por culpa deste Concello, nin dos seus técnicos, nin das asistencias técnicas que encargaron, senón que xa estaban feitos dende finais do ano pasado pero había un encargo por parte dos veciños a uns técnicos cataláns que aínda onte nos enviaron un borrador que aínda está sen asinar. Nós quixemos seren respectuosos cos veciños para que non se dixera que había manipulación, nin que o Goberno estaba tentando orientar ó seu favor os informes; quixemos ter eses informes, insistimos continuamente para que se nos enviaran e a día de onte enviáronnos un borrador, supoño que na próxima semana teremos asinado ese documento.

Hai moitas conclusións importantes nese documento pero o que está claro é que Vigo precisa dunha nova depuradora, iso é o máis importante á parte de arranxar as deficiencias da actual, iso xa o sabemos. O Conselleiro de Medio Ambiente ten coñecemento disto, tamén a Alcaldesa trasladoullo á Ministra de Medio Ambiente que foi receptiva e no orzamento do ano 2006 incluíronse 1.200.000 euros para facer un estudo para a depuradora de Vigo, para as súas necesidades e todas as características da depuración de Vigo. Nunha carta que nos enviou a Ministra di claramente á Alcaldesa que non se preocupe que a Confederación Hidrográfica do Noroeste fará os estudos en base a eses 1.200.000 euros pero que ela coida que sería importante non tratar só o saneamento da cidade de Vigo, senón que nun contexto moito máis global, debido ás deficiencias que supoño que ela xa coñecería daquela e que tiña o saneamento de Vigo, sería bo que o estudo contemplase todas as necesidades de saneamento e abastecemento da área metropolitana de Vigo; di literalmente a carta "dende Vigo ata Baiona".

Nós evidentemente paramos todos os traballos anteriores porque pensamos que se hai 1.200.000 euros para facer un estudo das necesidades do saneamento

de Vigo imos esperar a ver que nos di ese estudo; é lóxico, razoable e ademais o entendemos perfectamente. Pero non queda aquí o tema, a Alcaldesa ten unha entrevista persoal cun Secretario de Estado en Madrid e ratifícalle este extremo, dille que é mellor facer un estudo do saneamento de toda a ría de Vigo para ver as necesidades.

Neste intervalo de tempo dende Augas de Galicia nos envían un escrito polo que se nos pregunta ónde vai ser a localización da depuradora de Vigo. Qué curioso, un xa ten certa experiencia política e pensa que é curioso que esa petición de documento vaia parella coa aprobación doutro documento e mesmo se chega dicir nalgún medio de comunicación que se Vigo non prefixa ou marca a localización da nova depuradora o Plan Xeral corre perigo.

A Consellería de Medio Ambiente puido facer un informe con respecto á aprobación inicial do Plan Xeral e non o fixo, nin matizou absolutamente ren con respecto a este tema e agora din que hai que fixar a localización. No Plan vai fixada unha previsión pero como vostedes comprenderán a reflexión a unha pregunta que facemos dende o Goberno é: se se van gastar douscentos millóns das antigas pesetas para facer un estudo, qué nos vai dicir ese estudo? Que Vigo necesita unha nova depuradora? Xa o sabemos todos, non os 27 que estamos aquí, sabémolo os 300.000 habitantes de Vigo. Supoño que ese estudo será para analizar as necesidades, as características, para ver as mellores localizacións, en qué conca ten que estar, etc., dicimos nós aplicando o sentido común.

Para que é ese estudo? Que nos explique alguén para qué se van gastar 200 millóns das antigas pesetas se nós xa lles dicimos dende o Concello de Vigo cal é a localización da nova depuradora. Dicímoslles publicamente e sen ánimo de ningún tipo de confrontación que se o Concello de Vigo ten que marcar un lugar para a localización dunha nova depuradora ten que encargarse un estudo; ou algún dos 27 que estamos aquí se atreve a dicir cal é lugar máis axeitado para unha nova depuradora en Vigo? Se ten que ser unha, dúas ou máis de dúas? Cales son as necesidades?

Supoño que necesitaremos un estudo coas características e coas condicións e ese estudo nos vai definir outros problemas fundamentais que temos coma é o do saneamento, a mellora da rede, etc., ou qué lles dicimos? Que collan un terreo de 40.000 metros e xa está? Se non sabemos nin os metros que necesitamos. O Concello de Vigo a día de hoxe non lle pode dicir nin á Xunta de Galicia, nin ó Ministerio de Medio Ambiente cales son as características da nova depuradora porque evidentemente para iso se chegou a un acordo tanto coa Ministra como co conselleiro de Medio Ambiente, para

tomar a decisión de facer ese estudo que custa 1.200.000 euros, é dicir, non son 20 millóns de pesetas, son 200 millóns das antigas pesetas para facer un estudo. Coido que en Vigo con 200 millóns de pesetas case se fai o anteproxecto.

Ese é motivo polo que hai cuestións de saneamento que evidentemente quedarán contemplados e reflectidos nese estudo e aí é cando eu coido que esta Corporación ten que empezar a incidir nesas cuestións que nos poden quedar en canto a saneamento, abastecemento e depuración da nosa cidade.

Pero ás veces un é suspicaz nalgúns temas e pregúntase de quen é a competencia en temas de depuración, se se declara de interese xeral é do Ministerio de Medio Ambiente, supoño que coincidirán comigo. Se é verdade que se pediu a declaración de interese xeral, que a nós non nos consta aínda que estea declarada de interese xeral, de quen é competencia? Do Concello de Vigo non, é do Ministerio de Medio Ambiente e ademais vostedes tiveron un exemplo claro que nós aplaudimos: qué fixeron co cuarto hospital? Como o Concello se vai atrasar, seguramente non vai aprobar un plan e o cuarto hospital é necesario déronlle carácter supramunicipal.

Qué pasa coa depuradora de Vigo, non é de interese xeral, ou non é urxente, ou o Concello de Vigo non ten dificultades para tomar a decisión? Por qué non a declaran de carácter supramunicipal tamén? É que para unhas cousas vale e para outras non? Coido que estaba moito máis próximo cederlle os terreos do cuarto hospital porque estaban reflectidos que os da propia depuradora.

A seguinte pregunta é: se a Xunta de Galicia ten un estudo no que se fala dunha localización e dunhas características, estudo encargado por ela, por outro Goberno pero evidentemente feito por un equipo técnico e supoño que os técnicos de antes serán os de agora e se se contratou unha asistencia técnica, daría uns resultados e unhas conclusións en base a un estudo puramente técnico, non a directrices políticas e se alguén considera que foi así que o denuncie.

A nós dende logo non nos consta, o único que nos consta é que hai un estudo enriba da mesa da Consellería de Medio Ambiente que di claramente cales son as características e as condicións, ou é que a Xunta de Galicia quere que nós lle enviemos un terreo e ó día seguinte nos diga que non é valedreiro? Eu fago a pregunta porque senón o traemos a este Pleno. Algún dos 27 membros desta Corporación é quen de dicir sen un estudo cal é o lugar máis axeitado e as características da nova depuradora de Vigo? Gustaríame que me contestaran.

Segunda pregunta: Para qué se vai encargar un estudo de 200 millóns de pesetas para definir as características da nova depuradora da cidade de Vigo? Esas son as dúas preguntas que quero deixar e isto vai a colación do que presentaba o Sr. Calviño con respecto ó saneamento. O saneamento desta cidade é un tema importante pero ese estudo nos vai definir a liña de traballo que temos que ter para os próximos anos.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Coma cuestión de orde, trasládolle á Sra. Presidenta e ó resto da Corporación que por decisión posterior deste Pleno, de todos ós voceiros, cheguemos á conclusión de facer un Pleno extraordinario sobre a depuradora, Sr. Figueroa, pero me parece improcedente que vostede mesture os temas. Tamén podemos enlazar e seguir falando do Plan Xeral que terá un Pleno expreso para el.

Coido que se saíu enteiramente da cuestión e propóñolle polo tanto que se acorde facer un Pleno extraordinario sobre a depuradora.

SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde: coido que a depuradora é un tema importante de investimentos desta cidade e entra dentro do que estamos falando, do saneamento do que comezou a falar o Sr. Calviño. A min paréceme que se se fala do saneamento de Vigo e non se fai da depuradora non pode haber debate e polo tanto non só coido que sexa necesario, senón que é imprescindible falar destes temas porque estamos falando dos investimentos e dos proxectos da nosa cidade para os próximos anos, de investir 20 millóns de euros para a nosa cidade e o Goberno ten que dar explicacións de por qué considera que é mellor apoiar un proxecto dun grupo político e non o doutro. Coido que estamos dando explicacións convincentes e que era necesario dar estas motivacións e argumentos que acabamos de poñer enriba da mesa.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, vostede e máis eu nos últimos días tivemos algunhas regueifas, discusións duras e eu non teño ningunha gaña das prolongar, se é posible.

Díxenlle nunha reunión que a min me gustaría chegar a acordos co Partido Popular e con todo o mundo para facer cousas, vostede diciame que iso non o dicía eu fóra; xa o estou dicindo fóra. O Partido Galeguista quere entender con todos os grupos posibles, se é con todos ó mesmo tempo mellor ca mellor e en función das ideas que coide mellor para a cidade, en función

das ideas das cidades, non de siglas, nin de posturismos, tentar traballar cuns e cos outros.

Sr. Figueroa, dito isto déixeme que lle faga algunha pequena precisión, mire con qué coidado digo as cousas porque lle podía chamar mentira, pero non: non é certo que toda a oposición se lle opuxera ós orzamentos sistematicamente, o Partido Galeguista non se opuxo a ningún. Non votamos a favor porque o orzamento que vostedes propoñían non nos gustaba, non nos parecía o mellor, pero coa nosa abstención estábamos dicindo que non queríamos obstruír o que vostedes presentaron porque eu non son quen de aprobar algo mellor e entón non xogo ó nihilismo; fíxeno sempre.

No último orzamento que presentaron vostedes inicialmente o Partido Galeguista díxolles que non, díxenlle en varias ocasións a don Javier Guerra que non estábamos dispostos a aprobar un orzamento porque cando foi o de Vigo 2005, fan que lles aprobemos unhas cousas para logo facer as que a vostedes lles peta sen consultar ós demais e algunhas outras accións de non votar mocións que non conlevan gasto, porque as que conlevan gastos con toda lexitimidade dirán que ónde temos orzamentos para as facer, pero outras non o conlevan e non as levan á práctica, deixáronnos desconcertados en canto a qué vale que se vote algo por maioría se logo vostedes como teñen o goberno non o cumpren. Pero mesmo como pola razón que sexa non houbo unha alternativa doutro orzamento posible volteilles dicir a vostedes e ós demais que se non a había nós estábamos dispostos a axudar e a viabilizar o orzamento.

Polo tanto, Sr. Figueroa, pídlle que precise cando fala da oposición porque non todos facemos o mesmo e non digo que uns sexamos mellores ou peores ca outros, dígoo porque cada un responde diante de todos os cidadáns das súas políticas. Sinxelamente permita que non terxiverxe as nosas meténdonos a todos no mesmo paquete. Non sei se nos mete a todos porque quere facer algunha operación de victimismo, para dicir que lle perseguen, que lle acosan. Non hai nin persecución, nin acoso do Partido Galeguista, hai intento leal de axuda para gobernar esta cidade permanentemente.

Dito isto, a min o que me preocupa fundamentalmente é o contido das súas palabras. Vostede ten diante de si unha emenda presentada polo Partido Galeguista na que lle factibiliza un plan plurianual. Échese a boca de falar do plan veciñal, vote a nosa emenda e quedará aprobado. Pero ademais é que tamén se aprobarán as cousas que vostedes, señores do Partido Popular, temas de débedas, etc., inicialmente propuxeron e as cousas que non estando nese plan veciñal están no do Sr. Toba, tamén os temas de

saneamento agás a depuradora principal de Vigo porque convirán comigo que o Concello de Vigo non é quen cos seus orzamentos para resolver ese problema e efectivamente non sei por qué temos que debater iso aquí; iso non toca. Eu tamén me aveño a facer un debate cando queiran pero iso agora non toca. Agora ben, que non toque a grande depuradora de Vigo que será a solución do problema da contaminación mariña da ría de Vigo, quere dicir que non debemos aproveitar para sanear se podemos as parroquias de Vigo e que non aproveitemos tamén se é posible -que o é- para arranxar os problemas da depuradora de Coruxo? Sexan consecuentes co que din porque unha de dúas, ou vostedes votan a favor desta emenda sobre a que pasaron cun silencio ominoso, ou non queren na práctica resolver eses problemas; quedan tamén terceiras interpretacións.

Miren o que lles estou dicindo con toda a tranquilidade, con toda a serenidade da que son capaz para que en ningún sentido se entenda, nin lle dar desculpa a ninguén, que se poida pensar que esta é unha posición contra ninguén e as matizacións polo camiño foron duras porque non é coma vostede dixo que nos enterasemos ó tempo que o movemento veciñal; enterámonos logo do movemento veciñal de cando ían levar ó Pleno unha proposta, nin sequera ó mesmo tempo.

En temas destes de formas legais e as formas son unha das garantías principalísimas das democracias, ultimamente non paran de cometer erros. Os demais voceiros tiveron Xunta para dictaminar día e hora deste Pleno? Porque se é así a min non me convocaron. Se os demais calan é que non cumpriron co precepto regulamentario e legal de convocar Xunta de Voceiros para decidir día e hora do Pleno.

Coma hai demasiados fallos nesa dirección é polo que nalgunha ocasión me permitín dicir que queremos caucións para medir o que vostedes fan, que non lles queremos dar cheques en branco que logo na nosa opinión os desenvolven mal. Pero si queremos chegar a acordos con todos, con vostedes tamén polo tanto, polo ben da cidade.

Repítolle de novo e aí teñen unha oportunidade conciliadora que “non só quen diga señor, señor, entrará no reino dos ceos...”, non digan vostedes que aman o plan veciñal porque teñen a oportunidade do aprobar, demóstrano cos votos e se non é así, si quedará para interpretacións posteriores que faremos en voz alta e onde conveña do por qué non.

SR. TOBA GIRÓN: Realmente non sei se todo o equipo de Goberno adestra pero como diría o meu amigo o Sr. Barros, o Sr. Figueroa efectivamente adestra

moito e como diría el, subscribindo as súas verbas, salta de tema en tema sen se fixar en ningún e ten a capacidade de quen xogou moito ó fútbol para entender a estratexia do barullo na área.

Eu vou pretender, seguramente con menos barroquismo, recentrar o debate ata onde sexa capaz e cos límites que o resto da Corporación me permita en función de intereses que sinceiramente vexo moi desacertadamente dirixidos. Na medida do posible procurarei manter unha orde na miña exposición e empezarei polo Goberno.

Sr. Figueroa, vostede xa nos anuncia o orzamento do 2007, eu xa lle anuncio que o BNG votará en contra e quéroo deixar claro. Nós anunciamos no ano 2004 que votariamos en contra, como no 2005, como no 2006 e como 2007 votaremos en contra porque somos conscientes da incapacidade, da imposibilidade de compartir con vostedes un proxecto orzamentario e como somos conscientes xa lle aseguro coa mesma lealdade, coa mesma sinceiridade, pero tamén coa mesma honestidade que hai que utilizar en política, que sen circunloquios votaremos en contra.

Non compartimos proxecto orzamentario co Partido Popular, son demasiadas as diferencias e calquera pretensión de acordo non conduciría a nada. Permítanme dicir que este posicionamento non é tanto ideolóxico como puramente pragmático, apura a constatación da imposibilidade de acordo, máis aínda, votaremos en contra porque non quereremos que aproben o orzamento, non nos absteremos, non facilitaremos a aprobación do orzamento por parte do Partido Popular. Igual que fixemos nos anos 2004, 2005 e 2006 proporemos á Corporación acordos concretos cando os xulguemos convenientes.

Sr. Figueroa, no ano 2004 esta proposta expresouna aquí o daquela voceiro do meu Grupo, Sr. Pérez Castrillo, e repetina eu mesmo que tamén actuei coma relator naquel debate. Vostede e o Concelleiro de Facenda no ano 2004 puideron facer o necesario para atender a iso que vostede chama pufos e que non eran tales, senón que eran acordos plenarios da Corporación anterior, o asunto é moi serio porque estou falando de acordos adoptados polo Pleno da Corporación; non é un pufo atender á retaxación da parcela do IFEVI de Cabral, nin por fin o é pagar a expropiación dos terreos da Universidade de Zamáns, vostede tamén votou a favor daqueles acordos.

En todo caso puido vostede, atendendo á propia proposta do Bloque Nacionalista Galego, atender a esas e a outras necesidades. Pero non o quixo facer e vostedes aquel ano tiñan un remanente líquido de tesourería de preto de 35 millóns de euros e vostede non o quixo facer. Pero non se engane, vostede non o quixo facer sabendo que o resto da Corporación seguro

que estaríamos de acordo en atender a iso que vostede chama pufos e que non eran máis que compromisos porque a vostede lle interesaba forxar a imaxe do victimismo e por iso non o fixo. Foi unha cuestión de oportunidade política, non veña vostede inventando algo que realmente non existía e, por certo, en canto á actitude nin do Grupo municipal Nacionalista, nin coido do Grupo municipal Socialista, nin tampouco do Grupo do Sr. Soto.

Foron vostedes os que quixeron levar eses compromisos atrasados ó orzamento do 2005, foi a súa elección política e o Sr. Guerra sábeo porque en máis dunha conversa eu presentei esa necesidade, pero non fun escoitado. Polo tanto non utilice agora o que foi a súa decisión para culpabilizar ó resto da Corporación que non tivo nada que ver nunha decisión de vostedes que querían sinxelamente definir o victimismo e mesmo xustificar aquel famoso convenio con Zona Franca que non había por onde o coller coma agora se demostra e como se demostrará nos próximos anos. Polo tanto, escápese vostede do victimismo e atenda ó que é a propia acción política.

Aquilo foi unha decisión política, como foi tamén unha decisión de oportunidade política facer o que fixeron con iso que denominaron plan de parroquias. Eu non vou entrar máis nese tema porque sinceramente coido que entrei sobradamente no Pleno pasado, pero xa que vostede me convida entrarei sinxelamente a repetir que só podo cualificar coma unha provocación por parte do Goberno a forma de actuar, a busca de enfrontamento sistemático, cando sinceramente ía haber receptividade na oposición, cando menos pola nosa banda coma xa demostramos. A demostración é o Pleno de hoxe e contra os feitos incontestables non valen os discursos, Sr. Figueroa, a demostración de que había intención en avanzar na marcha da cidade, en non paralizar a cidade de Vigo é este propio Pleno.

O Sr. Soto fai unha proposta que seguramente tería unha viabilidade ou podería tela hai 3 ou 4 meses. Créame que eu non trato con ningún desprezo a súa proposta pero falemos claro, falemos lealmente porque o que está en xogo é o que se faga na cidade de Vigo nos próximos meses, falemos claramente.

No ano 2005 houbo orzamento municipal, vostede abstívose. Houbo orzamento municipal co apoio vía abstención do Partido Socialista e do seu Grupo, pero sinceramente nós contemplabamos que a situación este ano ía ser rotundamente distinta, non en canto ó noso posicionamento coma grupo, nós fixemos no ano 2006 a oferta que fixemos neste Pleno no ano 2004 e a oferta que fixemos neste Pleno tamén o ano 2005; mantivemos exactamente a mesma

proposta, non variamos de posicionamento, non podemos variar. Pero si apreciamos unha modificación nas posicións dos outros Grupos.

En todo caso o 16 de xaneiro fixémoslle a mesma oferta que entendimos rexeitada por falla de resposta; agora ben, nós non prexulgamos que o Partido Popular, o seu Grupo e o Partido Socialista poidan chegar a un novo acordo orzamentario, nin está na nosa capacidade, nin está no noso posicionamento político que acabo de expresar ó inicio da miña intervención con toda claridade e con toda rotundidade. Está na súa capacidade, é iniciativa do Goberno, ou do Partido Socialista, ou de vostede mesmo posto que se apoiarían, por o dicir dalgún xeito, no acordo do 2005, pero non está na miña capacidade.

O posicionamento noso é completamente distinto aínda que lexítimo coma o de vostede e non caben vías de acordo nesa liña de traballo. Agora ben, por suposto nós xamais prexulgamos, nin enxuizamos máis que aquí no seu momento que o Partido Popular, o Partido Socialista e o Partido Galeguista poidan chegar a un acordo, chegaron a un acordo no ano 2005 e se cadra poden chegar. O que dicimos dende o BNG é que se van chegar a un acordo orzamentario cheguen dunha vez porque o que non pode ocorrer é que se estea falando eternamente dese acordo posible pero ó final non cae; senten, falen e acorden baixo esa liña. Nese acordo nós non estaremos coma no ano 2005 e seguiremos traballando dende a oposición para mellorar no posible a marcha municipal exactamente coma fixemos nos anos anteriores pero senten dunha vez se é que hai vontade, se é que se expresa a vontade de chegar a acordo. Sen arestas: na última reunión de Voceiros que tivemos eu fixen unha oferta, dixen que eu retiraba a proposta da moción urxente do BNG baixo a miña responsabilidade se se abría un camiño de acordo, pero rexeitarona, Sr. Soto.

Independentemente de que non pode ser doutra maneira, teñen toda a lexitimidade para tentar un acordo orzamentario, pero en todo caso deberían lembrar que xa o tiveron no ano 2005. Eu non vou comentar os resultados porque xa o fixo o Sr. Caballero, membro do Grupo socialista, coa súa moción presentada neste Pleno, por certo, dalgún xeito reproducindo unha parte da miña intervención no debate de aprobación plenaria; vostedes lembraranos e aí están as actas. Tiveron esa experiencia e eu pregunto: non lles chegou? Sinceramente coido que lles debeu chegar.

Logo daquela haberá que buscar outras vías de acordo e dígoos, Sr. Soto, con todo o respecto e sen liscar do fondo do debate que vostede presenta, pero debemos seren honestos e leais coa cidade de Vigo e saber que cando

propoñemos algo é porque temos a vontade detrás para o poñer en marcha. Estou expresando a vontade do Grupo nacionalista con claridade.

A proposta que nós presentamos está solidamente estudada. Quero aproveitar para agradecer o traballo de todos os compañeiros e compañeiras do meu grupo que fixeron un traballo que non lles correspondía pero que alguén tiña que facer porque aquí non se fai, está fallando rigor. Falaba o Sr. Figueroa do anteproxecto de orzamentos que enviaron ós grupos. Xa proclamei que nós iamos votar en contra pero ademais con aquel anteproxecto, créame, Sr. Figueroa, daríame a oportunidade de expresar con toda rotundidade a súa falla de rigor.

Só lles vou ler unha partida daquel anteproxecto de orzamento do 16 de xaneiro: "Partida 4510 77 00000 Anualidades Pazo de Congresos 2005-2006 12.541.894 euros". Doce millóns e ese é o anteproxecto de orzamentos que me remite asinado o Concelleiro de Facenda. Un pode errar, Sr. Guerra, eu tamén errei nas antigas pesetas en 250.000 cara arriba ou cara abaixo, pero errar coas anualidades entre 5 e 12 millóns de euros, case nada.

Teño máis pero o vou deixar por se acaso algunha vez presentan vostedes, poñéndose ou non de acordo, o anteproxecto de orzamentos; voume reservar varias "perlas" daquel anteproxecto de orzamento que estudei profundamente. Falla rigor que se puxo de manifesto precisamente na modificación coa que hoxe nós temos que complementar a nosa moción de urxencia inicial.

Esta proposta que está estudada con moita calma non é clientelista e quen o diga está expresándose sen un átomo de verdade e dígoo sen arestas. Si que houbo aquí nesta Corporación un orzamento moi clientelista que foi o do ano 2005 porque o resultado daquel orzamento xa foi denunciado polo Sr. Caballero no seu momento. Ese si que foi un orzamento vergoñosamente clientelista pero non tivo apoio do BNG.

Foi tan clientelista que centralizou os investimentos no centro da cidade abandonando o resto do territorio. Dicíao a moción do Sr. Caballero que eu apoiei co meu voto. Esta é unha proposta estudada que ademais non é un orzamento porque nós xamais lle imos dar un orzamento ó Partido Popular. Vostedes déronllo, asuman as súas responsabilidades, nós aplicamos unha liña distinta: programa de investimentos para toda a cidade de Vigo controlado polo Pleno da Corporación e non só en razón do propio marco legislativo que actualmente existe. Todos temos dereito a controlar as obras a realizar sobre todo logo da experiencia de Vigo 2005. A ver quen é o insensato que lle dá un novo orzamento ó Partido Popular. Non coido que

logo da experiencia do 2005 obteñan vostedes maioría para aprobar un orzamento aquí e xa non só polo posicionamento do BNG.

Un debe defender posicións políticas de servizo público e nós tamén pretendemos facelo atendendo ó territorio da cidade de Vigo que coñecemos ben. Teño que me referir inevitablemente, aínda que coido debера ser motivo doutro Pleno, ó debate a respecto de saneamento por dous motivos: por unha razón humana porque hai un grupo de cidadáns, de persoas que viven na nosa cidade e que están padecendo unha situación inaceptable derivada dunha depuradora posta en marcha pola Consellería de Ordenación do Territorio daquela e construída por ela; derivada tamén do feito de que no seu momento a Corporación, cos votos maioritarios daquela do Partido Popular, recibira dita instalación. Sereamente, foron dous tremendos erros que lastran o traballo definitivo pero por iso debemos ser coidadosos cos pasos que deamos no futuro e traballar con coidado.

En xuño do ano 2004 o meu compañeiro e amigo, Sr. Fernández, presentou unha moción neste Pleno que coma case todas aprobouse por unanimidade. Esa moción formulaba a necesidade de redactar en colaboración con Augas de Galicia (xuño de 2004) e por suposto tamén coa empresa concesionaria que coñece moi ben o servizo, un novo plan de saneamento completo para Vigo, un plan director, nin sequera un plan definitivo senón un plan director da mesma escala daquel plan director de abastecemento que se redactou durante o mandato pasado e que fala da estratexia futura desta cidade.

Por certo, plan director de abastecemento que dende aquela polo que sabemos non se moveu lamentablemente, agás no que é a percepción do caudal de 3 m³/segundo derivado dunha moción tamén presentada polo Sr. Fernández. En todo caso presentamos esa proposta por unha razón, porque o PESIV, aquel plan de saneamento de finais dos 80, da época do Sr. Soto, estaba esgotado como tal en canto ás previsións de infraestructuras e tiñamos que ter unha perspectiva estratéxica profunda de futuro para empezar a programar.

Nós fomos informados nunha Xunta de Voceiros polo Sr. Figueroa a respecto das xestións ante a Confederación Hidrográfica e en relación coa redacción dese traballo no que nós queremos participar controlando e estámolo agardando. Coidamos que ese é o camiño para avanzar seguro, sen demagoxias e resolvendo un problema importante de Vigo.

Pero hai outro problema que temos que resolver que é o dese grupo de persoas, de concidadáns afectados pola situación actual. Sinceiramente, tamén nese tema coidei que tiñamos un acordo na Xunta de Voceiros e entendía eu que era que, no momento en que estivesen os estudos rematados,

nos reuniríamos para poñer enriba da mesa a necesaria redacción do proxecto de reforma que será seguramente necesario, e estou anticipando conceptos que se cadra logo non veñen ó caso, para no seu momento consorciar coa Xunta de Galicia a realización das obras de reforma; conveniar coa Consellería de Medio Ambiente a realización das obras de reforma pagando a débeda que quedou sen pagar polo Goberno autonómico do Partido Popular. Nós non esperamos menos do Conselleiro de Medio Ambiente, estamos seguros e como o estamos pensamos que o necesario é ter canto antes estes estudos. O Sr. Figueroa anuncia unha reunión para o martes da semana que ven da que eu non estou comunicado pero en todo caso alí estaremos para poñer remedio á situación que temos actualmente e que aínda vai durar.

Isto haino que facer sen demagogia porque estamos falando dos problemas que afectan a persoas e que os levan padecendo moito tempo. Malo é que alguén pretenda utilizar os problemas dese grupo de persoas coma arma arroxadiza; politicamente eu aquí e ata onde poida non o vou consentir porque iso si que é política clientelista.

Por último, sinceramente coido que a proposta que presentamos é medida porque ó noso pesar se apoia nunha prórroga orzamentaria que tivo por suposto os votos favorables do Partido Popular e o apoio do Grupo socialista e do Partido Galeguista por medio da súa abstención, é a prórroga dun orzamento que contou coa aprobación deste Pleno. Hai aí un acordo político do que nós non participamos pero que aceptamos, que entendemos e comprendemos lexítimo e necesario e que é o acordo que adoptaron vostedes no ano 2005.

Pero hai unha segunda parte: qué imos facer este ano? Partindo dese acordo político nós, con todo o desexo de que sexa un acordo dos grupos, presentamos unha proposta de investimentos para a cidade, unha proposta razoada, equilibrada, cautelosa, medida pero que atende ás necesidades e que non é clientelar.

Nun orzamento é difícil poñerse de acordo, nós non nos poríamos de acordo, poderíamos chegar a un acordo no seu momento co Partido Socialista pero non co Partido Popular porque as distancias en política social son tan amplas que non sería posible. Pero, señores e señoras, si podemos estar todos de acordo en que é necesario redactar o proxecto do vial da Universidade; si podemos estar todos de acordo en que hai que arranxar San Cristovo, entroutras cousas porque o outro día foi por Xunta de Goberno Local o tratamento da avenida do Aeroporto, por certo expediente que non pasaron vostedes polo Consello da Xerencia e que coido deberon pasar, pero en todo

caso non se preocupen que nós o temos estudado. Agora San Cristovo é absolutamente imprescindible unha vez que se poña en marcha a remodelación de toda a subida á avenida do Aeroporto, non podemos esperar e aí podemos estar de acordo. Podemos estar de acordo en que é necesario redactar un proxecto de remodelación do noso estadio municipal, non do Celta, do estadio do pobo de Vigo; si podemos estar de acordo.

Non podemos estar de acordo na filosofía orzamentaria indubidablemente, pero si podemos dar o paso e chegar ós acordos como di o señor Voceiro do Grupo Popular, de mínimos, efectivamente o mínimo común múltiplo, o máximo común divisor ou o que vostedes queiran que permita que haxa un acordo nesta Corporación que pule á cidade e que evite a súa paralización nos próximos meses. Ese é o camiño que ofreceu o BNG o 16 de xaneiro e que hoxe tamén ofrecemos sen arestas e con toda a xenerosidade que faga falla.

SR. IGLESIAS CARRERA: Sr. Toba, só por alusións en canto ó tema de saneamento quería lle dicir sobre o plan director que quen lle fala está seguindo diariamente a súa elaboración que, por certo, a está facendo un consulting da Coruña e dirixido por esa Universidade con moitas complicacións malia as facilidades que se lle están dando dende aquí porque se coñece moito mellor o territorio aquí que na Coruña. Non foi así cando se fixo no 2001 o plan de abastecemento de auga que o fixo CYSA tamén da Coruña pero sen embargo saíu moito mellor.

Dende a lealdade ó meu Grupo eu teño que dicir que aquí só se falou de saneamento pero non se fala de abastecemento. A nós pódennos dar 3.000 litros por segundo dende a presa de Eiras pero a estación do Casal, vostedes sábeno, non está preparada para tratar máis que 1.500 litros por segundo; a estación de Valladares o mesmo e fíxose o depósito e traballouse moito. O que é certo e chámame a atención é que non apareceu para nada a renovación que hai que facer desas dúas estacións e que dende a miña honestidade co meu Grupo, pero dende a miña máis honestidade co pobo de Vigo saiban que co crecemento previsto para Vigo poden recibir auga sen tratar porque as dúas ETAPs teñen que estaren adaptadas á nova normativa dun real decreto; non sei se o sabe ou non vostede pero diso non se falou aquí.

Coido que iso si que é verdadeiramente importante, que os cidadáns saiban que as estacións de tratamento de auga potable para Vigo aínda que reciban 3.000 litros non están preparadas para lles dar auga en perfecto estado ós cidadáns de Vigo.

SR. TOBA GIRÓN: Gracias, Sra. Presidenta, agradezo as palabras do Sr. Iglesias. Efectivamente eu non tiña eses datos que me parecen absolutamente alarmantes e que espero poder confirmar nas próximas horas con vostede mesmo, Sr. Iglesias.

Non se trata agora da reconvencción pero a auga é o recurso básico, cómo é posible que non esteamos informados de nada disto, Sr. Iglesias, Sra. Presidenta? Teñen vostedes proxecto para modificar esas estacións? Non o teñen? Cómo é posible que cheguemos a este punto? Ata onde pode chegar o desleixo? Estamos falando da auga, señores.

Sra. Presidenta, é conveniente que vostede suspenda o Pleno e convoque inmediatamente unha Xunta de Voceiros, neste momento alomenos para ter información. Infórmenos, Sra. Presidenta, estamos falando da subministración de auga para a cidade de Vigo. Cómo non informa á Xunta de Voceiros desta situación? Cómo é posible que cheguemos a este punto? Vostedes non se dan conta do que lle están presentando ó Pleno da Corporación? Non se dan conta da mensaxe que están transmitindo á cidade de Vigo? Non se dan conta que estamos falando de beber todos os días?

Sra. Presidenta, esixo que se levante o Pleno e que vostede convoque unha Xunta de Voceiros.

A PRESIDENCIA: Sr. Toba, ó remataren o Pleno teremos a Xunta de Voceiros.

SR. TOBA GIRÓN: Ó remataren o Pleno non. Infórmenos vostede agora mesmo aí ó lado en qué se está traballando, infórmenos con toda a precisión do que se está traballando, agora mesmo.

A PRESIDENCIA: Está ben. Suspéndese o Pleno para lles dar unha información.

Neste intre, sendo as 11 horas, suspéndese o Pleno da Corporación para ter unha xuntanza a Xunta de Voceiros. Reanúdase ás 11 horas e cincuenta e seis minutos.

A PRESIDENCIA: Logo da Xunta de Voceiros mantida hai unha proposta por parte do relator deste punto da orde do día.

SR. TOBA GIRÓN: Tal e coma dixen na Xunta de Voceiros e moi brevemente propoño votar a retirada do punto da orde do día. Nada máis gracias.

A proposta do voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, sométese a votación a retirada do presente expediente.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Coello Bufill e Caballero Míguez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, e nove abstencións dos Sres. e Sras. Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Retirar da orde do día o expediente de modificación orzamentaria (crédito extraordinario) núm. 39/2006, para programa de investimentos para a cidade.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.